

TEA
EN
MONDARIZ BALNEARIO



UN CONTO CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO

Un conto contra a violencia de xénero

As todas as nezas e nenos para que aprendan a diferenciar o bo trato do maltrato e ás súas familias para que os acompañen na súa crianza co seu exemplo e coas explicacións que precisen.

Editado polo Concello de Mondariz Balneario.
Proxecto realizado co financiamento da Deputación de Pontevedra e con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero.



016

ASOCIACIÓN A VÍCTIMAS DE MALOS TRATOS POR VIOLENCIA DE XÉNERO



Que é a violencia de xénero?

A violencia de xénero é a violencia contra a muller polo feito de ser muller.

Que facer?

Contalo, compartir, pedir axuda.

Onde?

- *Servizos Sociais Concello de Mondariz Balneario: 986 656 136*
- *CIM de referencia, CIM de Ponteareas: 986 644 653*
 - *Urxencias: 112*
 - *Urxencias médicas: 061*
- *Atención a vítimas de malos tratos por violencia de xénero: 016*
- *Teléfono gratuito da muller 24 horas: 900 400 273*
 - *Urxencias Garda Civil: 062*
- *Centro médico de Mondariz Balneario: 986 66 24 36*
 - *Gardia Civil de Ponteareas: 986 644 086*

Lembra:

Se estás sendo vítima dun maltrato, ti non es responsable. O uso da violencia nunca está xustificado. Estas agresións repetiranse e agravaranse co tempo. Non estás sola. Podes contar coa axuda de especialistas.

Todas as persoas que viven ou pasan un tempo en Mondariz Balneario saben que é un lugar marabilloso, deses lugares nos que queres quedar a vivir cando o coñeces.

Din que é polas propiedades medicinais da súa auga.

Non só se percibe no bonito da vila, senón na educación da súa veciñanza, no seu sorriso, nos seus valores... Persoas amables e solidarias que se preocupan polas veciñas e veciños, algo moi importante na súa convivencia e no bonito que é vivir nun lugar así.



Um día veciñas e veciños empezaron a notar algo extraño na súa auga. O seu cheiro e sabor estaba a mudar e comezaban a sentir malestar na súas vidas. Coméntábase na escola, no parque, na rúa, e nos paseos polo río.

Era difícil de explicar pero algo estaba cambiando.



Tea era unha nena de 7 anos recién chegada á vila. Estaba moi emocionada. Coidaba que nun lugar tan fermoso e coas propiedades da auga, a súa familia estaría tranquila e leda.

Pero algo non marchaba ben.

En vez de mellorar, o seu pai seguía transformándose nun ogro maligno, batendo, berreando e asustando a ela e a súa nai.

Todo seguía igual e, ademais, parecía que a veciñanza estaba cada vez menos leda. Como se se decataram de que algo acontecía, a pesar de que ela seguía sorrindo.



Os días pasaban e as amigas de Tea, a pandi pandilla, decidiron investigar. Eran nenas observadoras, intelixentes, áxiles e curiosas, polo que pronto se decataron de que todo comezara a partir da chegada de Tea e a súa familia. Podía ser unha coincidencia pero habería que seguir cada pista.



Tea parecían unha boa rapaza que quería pasalo ben, gozar. Pero elas, que eran moi observadoras, decatábanse de que se lle notaba cansa, dubidaba se facía ben as cousas e, a pesares do esforzo por aparentar felicidade, semellaba triste, como se cargara na súa mochila cun gran peso.



SORORIDADE

- SOLIDARIEDADE
ENTRE MULLERES-

BO TRATO

- BENQUERER-

**VIOLENCIA
DE XÉNERO**

-MALTRATO-

**DESPREZOS
BERROS
AMEAZAS
AILLAMENTO
INSULTOS**



**RESPECTO
CARIÑO
COMUNICACIÓN
CORRESPONSABILIDADE**

MEDO

PEDIR AXUDA
-AMIZADE-

© seu pai e a súa nai semellaban boas persoas, que querían á nena. A nai falaba pouco, parecía agocharse. Non poderían dicir de que, pero era a sensación que lles daba. Pero eso era algo que notabas se prestabas atención, aparentemente era unha familia feliz.

© Concello de Mondariz Balneario organizara un obradoiro sobre as emocións. Faláron da importancia de expresalas, de compartilas, do medo en situacións de violencia, da tristura, da ledicia, da ira. De soidade, de violencia de xénero e das emocións que se viven en diferentes situacións e que facer con elas. A educadora social, que era quen explicaba, deulle confianza.

Tea atendeu, pensou. As bágoas viñanlle aos ollos pero contivoas.

Contivoas ata rematar a clase, contivoas ata saír da escola. Pero cando chegou a buscala a súa nai, coas súas gafas de sol nun día nubrado as lágoas saíron . Aguantou uns pasos para alonxarse da xente pero reventou, chorou todo o que non chorara en meses, en anos , chorou a tristura, chorou o medo, chorou a raiba, chorou a ira... chorou todo o que aguantara todo ese tempo. A nai tamén chorou, abrazouna e chorou con ela, faláron. Non podía ser, non podían seguir así, tiñan que ter afouteza, non ía ser sinxelo pero tiñan que denunciar, querían e precisaban esperanza, vivir tranquilas.



CASA DO


CONCELLO

SERVIZOS SOCIAIS
COMUNITARIOS

Traballadora social
Educadora social
Auxiliar administrativa

Tea, buscou un pano na maleta e alí atopou unha nota: "Estamos contigo. Ana, Sabela e Claudia".

Á Tea descubriuselle un sorriso entre tanta amargura. Que boas persoas as súas amigas! Sentíase querida, apoiada, e iso era das cousas máis importantes do mundo. Á súa nai tamén sorriu. Deulle forza que unhas nenas se decataran do seu sufrimento e que intentaran axudalas. Colléronse da man e foron pedir axuda.



Pouco a pouco a auga voltou a ter o seu sabor, comezou a arrecender de novo e a veciñanza deixou de ter esa pesadume, ese malestar que as nenas pensaron que era o sinal de que algo non estaba ben. E non estaba. E sentírono e actuaron, salvaron a unha familia. Entre todas e todos.

É o que ten a maxia da solidariedade, da empatía, de observar ás demais persoas, de pensar na túa comunidade. E Mondariz Balneario é así. Amable, fermoso, máxico, como a súa paisaxe, a súa auga e a súa veciñanza.



A vida de Tea e a súa nai cambiou despois daqueles días. Non foi fácil pero grazas a sensibilidade, respecto e bo trato das súas amigas xunto coa forza máxica da auga que avisou da situación, conseguiron a forza para facer que o ogro maligno fuxira.

Abna, Sabela e Claudia sentíronse moi ben, boas persoas, e descubriron que era xenial.



Ideas para reflexionar...

As historias e os contos a través das súas metáforas e simbolismos, despertan coñecementos e plantan sementes para o noso desenvolvemento. Son instrumentos perfectos para educar emocións, ensinar valores, incentivar, fortalecer a resiliencia, a autoestima, a asertividade, etc.

Para optimizar estas aprendizaxes podemos facer preguntas ás crianzas dependendo da súa idade e do que nós as coñecemos. A comunicación, falar con elas, é básico.

Estas son suxerencias de preguntas que se lles poden facer e algunhas indicacións e ideas sobre posíbeis respostas. A intención é reflexionar sobre os valores e que lles quede claro que é bo trato e mal trato e que o mal trato non se debe permitir, débese contar e pedir axuda.

Aquí van:

É importante vivir nun lugar onde as persoas son amables e solidarias?

Que significa ser amables?

Que significa ser solidarias?

É moi importante vivir nun lugar onde a veciñanza é amable e solidaria . Deberíamos aprender a tratar ben ás persoas e esixir que se nos trate ben a nós.

O bo trato empeza na infancia e é importante falalo coas nenas e cos nenos. Sería ideal contarlles o bo que é saudar a veciñanza e observar como a xente responde se lles saúdas cun sorriso, deixar pasar se ves que unha persoa ven cargada de bolsas, é maior ou parece cansa...

É importante saber valorar cando somos afortunadas e afortunados e pensar cousas que podemos facer polas persoas que non o son. É importante ensinalles que é a amabilidade , a solidariedade e o bo trato. A nosa maneira, pero vai a axudarlles falalo.

- De que avisa o mal olor?

- Que facía o pai cando se transformaba nun ogro?

Para moitas persoas segue sendo tabú falar de moitos temas na infancia pero a realidade é que os temas tabú son realidades para moita xente. Dependendo da idade, é difícil explicar a violencia de xénero pero sí poden saber que é tratar ben e tratar mal.

A idea de que un pai se transforme nun ogro ou nun ser maligno facilita o entendemento. Pódeno percibir como o conto que é ou poden preguntar, depende do neno e da nena. Se preguntan por exemplo porqué o home, falámoslles de igualdade, de memoria histórica e de como estamos aprendendo durante estos anos. Falámoslles de que antes as mulleres non podían conducir sen o permiso do home, non podían votar, traballar, estudar... simplemente porque eran mulleres. Todo eso ata que fomos aprendendo.

Algunhas mulleres, que despois lles chamaron feministas, déronse conta de que eso non era xusto e pouco a pouco conseguiron todas estas cousas pero aínda quedan moitas que conseguir. Nese tempo, algún homes crían que eran os donos das mulleres e cando non facían o que querían, batíanlles, tratábanas mal. A maioría dos homes e mulleres, aprenderon e melloraron pero a algúns non lles ensinaron e non aprenderon e ségueno facendo. Se isto pasa hai que pedir axuda e se pensas que lle pasa a alguén, tamén.

- Como pensas que se sentía Tea cando o seu pai se transformaba nun ogro?

- Como pensas que se sentía a súa nai cando a súa parella transformábase nun ogro?

A empatía é saber poñerse no lugar da outra persoa. Podemos preguntarlles se algunha vez alguén lle berrou, lle bateu ...e como se sentiron . Desta forma aprenden que as outras persoas sintense tamén así, polo que é algo que non debemos facer.

As amigas de Tea, Ana, Sabela e Claudia son observadoras e decidiron investigar.

- Que é ser amigas?

Reflexionar sobre a amizade, que é ser amigo ou amiga para cada un, intentar, debatindo, definir a amizade.

- É importante observar como se sinten as persoas?

Require madurez, é algo que se aprende pero para iso hai que explicalo, falalo. Nenos e nenas deben de aprender a preocuparse polas demais persoas. Se un compañeiro ou compañeira está triste, ou enfadado, e o vemos, deberíamos preguntarlle que lle pasa, que podemos facer para axudalo ou axudala. Debémolo facer con todas as persoas. Mostrarlles que nos preocupan e ofrecerlles axuda.

Por outra parte, se non queren axuda, debemos respetar.

- Para que fan actividades na escola?

Para aprender e para reflexionar. Debemos transmitir o gusto por aprender en calquera parte, nos paseos, xogando, cos contos...A curiosidade por aprender.

- Que é reflexionar?

Reflexionar é pensar sobre algo para tomar unha decisión. Ensinar a nenas e nenos a reflexionar, a ter pensamento crítico, a ter curiosidade polas cousas é unha responsabilidade das persoas adultas.

Cada persoa coas súas capacidades pero con un obxectivo común: necesitamos romper paradigmas e eles son a oportunidade. Debemos aprender dos nosos erros. Non vale o “son cousas de nenos ou de nenas”. Dende os 0 anos débeseles falar e dar exemplo de que non se trata mal ás persoas, de que debemos compartir e cooperar non competir, de que todos e todas somos diferentes, e cada un temos capacidades diferentes porque vivimos nun mundo diverso. Xuntos e xuntas o mundo mellorará.

Que che gusta que che fagan cando estás triste?
Intenta debuxalo ou escribilo, pènsao.

